

BOLETÍN

DECEMBRO 2016



CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos




Todos somos Ulises

Por unha educación democrática e humanista

Xavier Seoane

Editorial Xerais, ensaio, Vigo, 2016

978-84-9121-044-3 • 470 pax.



BOLETÍN
DECEMBRO 2016

CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Xavier Seoane está a analizar e defender na súa obra ensaística temas de grande relevancia na nosa cultura como son a importancia do libro e a lectura (Atravesar o espello, 2000), a función da poesía no mundo contemporáneo (*O sol de Homero*, 2002) e a relación das humanidades coa ciencia e a tecnoloxía (*Saúdar a vida*, 2007). Este ambicioso proxecto medra con este libro dedicado á educación humanística e democrática.

Nesta sociedade actual determinada polas poltícas economicistas neoliberais a educación corre o risco de caer en mans de tecnócratas irresponsables para os que o ensino é un mero trámite académico, unha cuestión económica onde o que menos importa son as persoas. O autor deste ensaio alerta sobre estes perigos e afirma que «a calidade da vida depende directamente da calidade da educación», chegando a afirmar que pola educación pasa o progreso dun país xa que esta é a que ten a chave do coñecemento, e sen coñecemento non hai posibilidade de prosperidade social nin realización persoal dos individuos.

Xavier Seoane insiste ao longo deste ensaio na importancia da educación pública xa que «constitúe o espazo posible para crear formas de equidade e democracia nunha sociedade con altas cotas de inxustiza e desigualdade». No libro tamén se analizan conceptos moi controvertidos na actualidade como o da vocación, o esforzo, a educación emocional, a excelencia, a crise da

familia e acuña termos tan significativos como o de “telecasa”; e subliña a importancia da lectura como elemento imprescindible para avanzar na sociedade do coñecemento.

O autor tamén amosa a súa preocupación por como a supervivencia material na que estamos atrapados anula o tempo de lecer das nosas vidas, o que implica a dificultade para que os individuos accedan a bens básicos e necesarios como a cultura e a educación. Esta situación que atravesamos xunto coa perda de valores e a falta de interese polos asuntos cívicos está a abocar á nosa sociedade a unha deriva cara a incomunicación e o fracaso.

O libro é un canto ao poder liberador da educación e da pedagogía de seu que se exemplifica en pensamentos e citas ategadas de erudición pero expresados coa intelixencia e claridade do que atesoura fondos coñecementos. Xavier Seoane avoga por unha viaxe educativa, estética e moral que forme os individuos como persoas solidarias capaces de desenvolvérense nun mundo de grande complexidade. Porque parafraseando a Cavafis importa menos o destino que a viaxe: «Ao emprender a viaxe para Itaca desexa que o camiño sexa longo, pleno de peripecias, pleno de saberes».



Javier Pintor Elizalde
Área lingüístico e social

Dilo en voz alta y nos reímos todos

Manual gamberro de supervivencia en secundaria

Fernando J. López

Ed. Martínez Roca, Barcelona, 2016 • 978-84-270-4292-6 • 241 páx.

Se isto fose Finlandia.... Pero non; isto non é Finlandia.

Con esta comparación irónica como pretexto, a modo de fío condutor, este manual falcatrueiro de secundaria narra as aventuras e desventuras dun profesor de instituto. Ese profesor multitarefa que o mesmo ensina integrais que desempeña labores de vixilancia, exerce de psicólogo, de administrativo, de animador... e mesmo, ás veces, de enfermeiro. Ese que, con infinita paciencia, soporta cambios legislativos, recorte salarial, desplantes administrativos e que traballa cada vez con menos medios e máis ratio. Ese mesmo, en fin, que unha vez si e outra tamén acaba

encaixando coma un campión, en calquera conversación e con calquera interlocutor iso de que “en Finlandia”

Fernando J. López achéganos pois ó día a día deste docente (profesión que el mesmo exerce), coas súas miserias e as súas virtudes, cos seus erros e os seus acertos porque, detrás dunha presentación en ton de humor, esta obra invita á autocrítica e á reflexión.

Abrir este libro semella abrir as portas dun centro de ESO e viaxar polas súas páxinas supón roldar polas súas aulas poñéndolle rostro a todos aqueles que viven en conviven nelas: dende o profesor que, como alumno, non soportabas pola

súa inexplicable afección a iso de repartir partes, a ese alumno que, como profesor, consideras brillante pero non chega a aprobar, pasando por ese pai que fixo tantas “ESO” como fillos ten e que, como todos, está desbordado pola problemática dunha adolescencia que cada vez parece durar máis.

A través desta obra, autocrítica incluída, o autor reivindica o papel dos docentes porque considera que o xiz pode ser unha arma poderosa para mudar o mundo. De certo moi poderosa, sobre todo en mans de alguén que, coma el, AMA, con maiúsculas, a súa profesión.



BOletín
DECEMBRO 2016



centro de
formación e recursos



Belén Cotón Méndez
Área lingüístico e social

Aprendo porque quiero

El aprendizaje basado en proyectos (ABP), paso a paso

Juan José Vergara Ramírez

Ediciones SM, Biblioteca Innovación educativa, 2016 • ISBN: 978-84-675-8574 • 245 pág.

O autor deste manual Juanjo Vergara, fai un itinerario práctico dun modelo de ensino-aprendizaxe que integra os principios pedagóxicos do coñecido Project Based Learning (PBL).

Baséase nunha forma de interpretar os procesos de ensino máis eficaz para levar a cabo a aprendizaxe significativa nos alumnado, preparando a este para afrontar situacións reais que permiten o desenvolvemento de habilidades nunha sociedade complexa, en constante mutación, e formarse como cidadáns.

Juanjo Vergara investiga e experimenta os seus propios procesos de práctica, orienta nos procedementos

teóricos e prácticos, dunha forma agradable, interesante e útil.

A aprendizaxe relevante, sostible, crítica e creativa require tanto a acción como a investigación. O reto é facilitar que o alumnado viva a responsabilidade de iniciar, dirixir, controlar e avaliar os seus propios proxectos.

As metodoloxías activas están cada vez máis presentes na aprendizaxe de moitos alumnos. Aprendizaxe cooperativa, clase invertida, centros de traballo de interese ou aprendizaxe baseada en proxectos.

Estas propostas serven para ilustrar o xeito no que a ABP cambia a dinámica da aula en varios aspectos: o papel

Juan José
Vergara Ramírez

Aprendo porque quiero

El Aprendizaje Basado
en Proyectos (ABP),
paso a paso

Prólogo de Ángel Ignacio Pérez Gómez

biblioteca
INNOVACIÓN
EDUCATIVA



do profesor pasa a facilitador e guía de información, o alumnado asume a carga da aprendizaxe e traballa cooperativamente e, por suposto, a organización de espazos se adapta á nova visión metodolóxica.

Na FP utilizamos simuladores, situacións reais de aprendizaxe porque estamos situados nunha transición cara ao mercado laboral, pero é cada vez máis común inculcar este novo tipo de pensamento e forma de proceder ao alumnado dende os primeiros niveis.

O efecto multiplicador que se produce cando colabora a empresa é máis produtivo xa que o alumnado incorpora á súa aprendizaxe aspectos como o uso das TIC, a cooperación e a adquisición de competencias para aprender a aprender.

A Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP) ofrece o marco para unha transformación educativa que parte da necesidade de conectar cos intereses do alumnado. En definitiva, o libro presenta unha forma de facer e pensar innovadora e recomendable a todos os niveis.



BOletín
DECEMBRO 2016

 **CFR**
A CORUÑA

centro de
formación e recursos




Montserrat Penelas-Cortés Bellas
Área Formación profesional

Enriqueciendo el currículo para todo el alumnado

Joseph S. Renzulli, Sally M. Reis

Ápeiron Ediciones, Madrid, 2016 • ISBN 978-84-944709-7-4 • 248 pag.



BOletín
DECEMBRO 2016

 **CFR**
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Joseph S Renzulli é un profesor de psicoloxía da educación na Universidade de Connecticut. Centra a súa investigación na identificación e no desenvolvemento da creatividade e o talento. Sally M. Reis é profesora da psicoloxía da educación na Universidade de Connecticut, asesora de escolas e autora de artigos relacionados coa investigación do talento.

O Modelo de Enriquecemento para toda a escola (SEM) proporciona a cada mestre a flexibilidade necesaria para despregar programas únicos de enriquecemento e desenvolvemento do talento en función dos recursos existentes, as características demográficas do alumnado, as dinámicas do centro educativo e a creatividade do profesorado. O núcleo do modelo SEM é o modelo triádico de enriquecemento que inclúe tres tipos de actividades.

O enriquecemento tipo I son as actividades exploratorias de carácter xeral. O seu obxectivo é motivar ao alumnado a fin de que poidan proseguir os seus intereses dunha forma creativa e produtiva. Entre os métodos típicos poderían citarse, a formación de diferentes relatores, a creación dun centro de interese e a reali-

zación de presentacións.

O enriquecemento tipo II son actividades de adestramento grupal e de carácter máis específico que require a aplicación de métodos avanzados a nivel de instrución nunha área de interese seleccionada para o alumnado. Inclúen o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo, a resolución de problemas e os procesos afectivos.

O enriquecemento tipo III involucra o alumando a que dedique o seu tempo para adquirir un coñecemento avanzado, asumindo o papel dun investigador real. É un medio de aprendizaxe a través do cal se mesturan dende as habilidades máis básicas ata os procesos e contidos máis avanzados.

O modelo SEM foi amplamente implementado en calidade de programa de enriquecemento para alumnado con altas capacidades e talento académico. Este modelo tamén proporciona un plan para desenvolver a creatividade do alumnado.




Sabela Fernández Trelles
Área infantil e primaria

Leer es un riesgo

Alfonso Berardinelli

Editorial Circulo de Tiza, Madrid, 2016
ISBN 978-84-945719-1-6 • 252 páx.



Alfonso Berardinelli é unha figura clave da cultura italiana destas décadas. Profesor de literatura vocacional, crítico literario independente e ensaísta polémico, abandonou a ensinanza no ano 1995 por desavinzas co sistema corporativista da cultura italiana e dende entón converteu a esta no obxecto da súa crítica.

Leer es un riesgo, recolle distintas colaboracións de Berardinelli, espalladas en diferentes medios, nas que analiza o papel do intelectual na actualidade, a función social da literatura ou a repercusión que os avances tecnolóxicos teñen sobre o individuo e a súa maneira de ordenar e armar o seu pensamento. No libro, o autor tamén subliña a importancia da independencia, chegando a dicir que “o intelectual debe ser un misántropo” en relación á necesidade de que tome distancia sobre o

pensamento dominante.

No libro fálese dos riscos que acochan o acto de ler, especialmente dos derivados do achegamento científico á literatura dos que a escola e a universidade son bastante responsables ao privar ao lector, en moitas ocasións, do pracer emocional dos textos. Berardinelli tamén carga contra o papel de internet no debilitamento do pensamento crítico das persoas e contra o populismo poético que fomenta a idea actual de que todos somos poetas. E achaca ao crítico literario que non axude ao lector a distinguir o gran da palla.

Neste ensaio tamén podemos atopar comentarios lúcidos e provocadores sobre algúns dos escritores máis recoñecidos da historia literaria pretérita ou recente. Deste xeito, o autor eloxia con entusiasmo

a algún deles como Elsa Morante e censura sen piedade a outros como Humberto Eco. Nesta páxinas podemos observar a paixón de Berardinelli polos libros e por unha lectura que xere nos lectores pegadas de evasión, coñecemento e identidade.

«Me limito a recordar una obviedad fundamental: los libros son contagiosos. Pero para sufrir el contagio hace falta leerlos con pasión y, digámoslo así con cierta pasión ingenua. Todo lector apasionado (no solo de novelas) hace que sus lecturas predilectas formen parte de la construcción de su identidad. La lectura permite establecer vías de comunicación entre el yo profundo –con su caos- y el yo social que debe enfrentarse a las normas del mundo.»



BOletín
DECEMBRO 2016



centro de
formación e recursos



Javier Pintor Elizalde
Área lingüístico e social

9 ideas clave. El aprendizaje cooperativo

Pere Pujolàs Maset

Editorial GRAÓ, Barcelona, 2008 • ISBN: 978-84-7827-674-5 • 366 páx.

A atención á diversidade é un dos piares básicos no noso sistema educativo. Para conseguir ese obxectivo, precisamos establecer dinámicas que permitan unha verdadeira inclusión. Moitos docentes andan á procura de métodos, estratexias e liñas de traballo que permitan construír unha escola para todos.

Nesta obra reflexiónase sobre a heteroxeneidade e a súa riqueza, así como as dinámicas de traballo cooperativas como contraposición ás competitivas e/ou individualistas. Precisamos conseguir “aprender xuntos” porque é xusto, necesario e posible. O autor insiste na idea da pedagogía da complexidade


e na necesidade de establecer estratexias que favorezan a autonomía do alumnado.

Este libro diríxese a aqueles docentes que queren establecer un primeiro contacto coa Aprendizaxe Cooperativa. Estrutúrase en torno a conceptos básicos desta práctica como a importancia da cohesión do grupo e a xestión do traballo da aula empregando estruturas cooperativas. Insístese moito na obra na necesidade de abordar a ensinanza do traballo cooperativo como un contido máis de aprendizaxe e a importancia de ensinar explicitamente a traballar en equipo. Amosa a posibilidade de promover o des-

envolvemento das competencias básicas a través do traballo cooperativo.

Ao longo deste percorrido, a obra está salpicada de situacións prácticas e reais. Estas experiencias ilustran con claridade as posibilidades de aprender a cooperar así como a necesidade de cooperar para aprender.

O autor, Pere Pujolàs, invítanos a unha reflexión profunda sobre os fins últimos da educación e a necesidade de analizar cal é o xeito máis adecuado de estruturar a dinámica de aula para conseguilos.



BOletín
DECEMBRO 2016



CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Cómo mejorar las competencias de los docentes

Guía para la autoevaluación y el desarrollo de las competencias del profesorado

Elena Cano


Editorial Graó, Barcelona, 2005 • 978-84-7827-398-9 • 213 páx.

Esta obra introdúcenos no discurso das competencias, pero aplicadas á función docente. A través dos seus oito capítulos, Elena Cano preséntanos unha proposta para a autoavaliación e o desenvolvemento das competencias profesionais dos docentes.

Aos profesionais da docencia non lles resultará estraño este modelo de traballo co alumnado en torno ás competencias. Pero si pode resultarlles novedoso este enfoque desde o punto de vista do profesorado e mestre ou mestra. Desde hai uns anos a esta parte, son varios os pedagogos e os estudiosos que abordan o tema

da calidade educativa e mais a avaliación dos nosos sistemas educativos en base aos perfís competenciais docentes.

Hoxe en día é xeralmente aceptado que, paralelamente ás competencias que debe adquirir o alumnado, tamén se atopan unha serie de competencias que debe ter o profesorado para o desempeño eficiente da súa función e para afrontar os retos do día a día. Para o docente que exerce o seu labor en Galicia, esta obra é de vixente actualidade, nun momento no que a formación do profesorado pivota arredor das competencias profesionais docentes.



Elena Cano distingue nesta obra sete competencias que son esenciais no desempeño da profesión docente: as capacidades para planificar e organizar o traballo de seu, para comuni-

carse, para traballar en equipo, para desenvolver habilidades interpersoais que axuden a resolver conflitos, para utilizar eficientemente as novas tecnoloxías, para inspeccionar constantemente o noso traballo e para desenvolver o noso autoconcepto como base para o noso éxito persoal e profesional.

É unha lectura recomendada para aqueles docentes que queren profundar no desenvolvemento das súas competencias, ou ter unha guía práctica que os axude a mellorar algún aspecto competencial concreto.



BOletín
DECEMBRO 2016



CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos





<http://educacionmediatica.es/>

O Centro de Formación e Recursos de Coruña valora positivamente esta iniciativa tan necesaria e oportuna e procurará contribuír dalgunha forma ao bo desenvolvemento da mesma.

Grande parte dos que colaboran neste evento xa o fixeron no pasado en Galicia no congreso de pedagogía da imaxe coñecido como “Pé de Imaxe”, polo que é agradable volver retomar as conversacións e iniciativas que nunca nos abandonaron.

Somos un grupo de persoas de diferentes países que traballamos no eido da educación e a comunicación, e que unimos os nosos esforzos para crear un espazo virtual colaborativo aberto aos inte-

resados en propoñer accións e estratexias de Educación Mediática no ámbito do ensino. É tamén un espazo de debate sobre as cuestións relevantes no campo da educación mediática.

Este espazo virtual pretende dar soporte a un traballo colaborativo e grupal que busca aloxar as achegas das persoas que desexen contribuír á súa construción.

O obxectivo fundamental é poder compartir ideas, documentos, materiais multimedia, presentar e debater as nosas teorías, compartir experiencias e boas prácticas, deseñar proxectos conxuntos, etc.



BOletín
DECEMBRO 2016

CFR
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



José María Aguilera Carrasco
Área TIC

Unha mirada crítica aos contidos das pantallas

<http://taconline.net/col/es/los-diez-consejos-de-manfred-spitzer-sobre-el-uso-de-la-tecnologia/>

Esta plataforma de crítica audiovisual recolle críticas, contidos e ligazóns a fichas dos programas, das películas e dos videoxogos. Tamén inclúe tráilers e pódela descargar en PDF ou reenviar aos teus amigos.

O desenvolvemento das novas tecnoloxías do mundo audiovisual nestes últimos anos e a propia demanda dos usuarios levou consigo unha progresiva ampliación e adaptación do traballo das asociacións de telespectadores. Internet, o mundo dos videoxogos, o cinema, os DVD e o uso dos móbiles foron adquirindo

cada vez máis espazo no entretemento de nenos e novos.

En España hai unha asociación de telespectadores por cada comunidade autónoma. Entre todas suman uns 50.000 asociados. Xuntas están estruturadas nunha Federación que leva por nome ICMEDIA (Iniciativas para a Calidade dos Medios). Ten a súa sede en Madrid e coordina e representa o traballo de todas e cada unha das asociacións que a compoñen.

Entre as actividades que leva a cabo ICMEDIA ten un especial

relevo o Proxecto de educación audiovisual “Aprender a mirar”. Trátase de axudar ás entidades educativas a minimizar o impacto negativo do mal uso dos medios audiovisuais nas familias e no alumnado, e maximizar o positivo. Doutra banda, ofrece a pais, nais e profesorado información crítica dos contidos do mundo audiovisual e, finalmente, ensina a nenos e nenas en que consiste a linguaxe audiovisual, para aprenderen a ser usuarios críticos.




Este é o inicio do camiño,
necesitamos a túa participación.

BOletín
DECEMBRO 2016



centro de
formación e recursos



Indica onde che gustaría participar e envíanos un mail a cfr.coruna.bibliotecas@edu.xunta.es